

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E UNIVERSIDADE

EXTRACTO da Orde do 15 de decembro de 2020 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras (código de procedemento ED504E).

BDNS (Identif.): 543991.

De conformidade co previsto nos artigos 17.3.b) e 20.8.a) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria cuxo texto completo se pode consultar na Base de datos nacional de subvencións:

(<http://www.pap.minhap.gob.es/bdnstrans/index>).

Primeiro. *Beneficiarios*

Centros privados concertados de educación primaria e/ou de educación secundaria.

Segundo. *Obxecto*

Regular o procedemento de solicitude e concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, a centros privados concertados de educación primaria e/ou de educación secundaria para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras.

Terceiro. *Bases reguladoras*

Orde do 15 de decembro de 2020 pola que se regula o réxime de axudas a centros privados concertados para a contratación de auxiliares de conversa coa finalidade de mellorar a competencia lingüística do alumnado en linguas estranxeiras (código de procedemento ED504E).

Cuarto. *Importe*

Importe total da convocatoria: 500.000 euros.

Importe máximo por centro educativo: 6.000 euros.



Quinto. *Prazo de presentación de solicitudes*

Un mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 15 de decembro de 2020

Román Rodríguez
Conselleiro de Cultura, Educación e Universidade

CVE-DOG: faqhepu4-ayz4-ga37-ahh7-jk2ghfzzb3j9

